

# Expertos destacan o papel de 'El Agricultor' hai cen anos

A edición facsímil foi presentada no concello de Riotorto

DELEGACIÓN ■ RIORTORTO

■ A edición facsímil de catro volúmenes do xornal *El Agricultor*, editado en Riotorto a principios do século XX, foi presentada o mércores na casa consistorial da localidade, nun acto no que varios expertos destacaron a importancia desta publicación e da prensa local na Galicia da época, non só como reflexo de traballo para reconstruír a vida dos galegos, senón tamén como material xornalístico que mostra a vitalidade daquela sociedade.

Na presentación interviñeron o presidente da asociación cultural *Arrincadeira* da vila, impulsora da iniciativa; o doutor en Historia e especialista no movemento agrarista Henrique Hervés; o xerente da Sociedade de Xestión do Xacobeo, Ignacio Rodríguez Eguibar, e o director de Publicacións de *El Progreso* e cronista oficial da provincia de Lugo, Juan Soto.

Asimesmo, fíxose fincapé no feito de que *El Agricultor*, así como o resto de xornais agraristas, repondían ó pensamento re-



O acto de presentación tivo lugar na casa consistorial riotortense

xeneracionista e á máxima de *despensa e educación* como piares do desenvolvemento económico, social e cultural do

Estado. A través das páxinas de esta publicación pódese apreciar, ademais, as primeiras loitas obreiras en Lugo.



HUGO PARDO

O evento organízase, dende fai catro anos, cada 17 de maio

## As Letras Galegas uniron libros e música na praza vivariense da Fontenova

HUGO PARDO ■ VIVEIRO

■ O Día das Letras Galegas, celebrado onte, uniu os libros coa música na Praza da Fontenova de Viveiro, nun evento organizado pola concellalía de Cultura, dende fai catro anos, cada 17 de maio. Conta ademais coa colaboración das librarías *Porta da Vila* e *Neira*, que expoñen os seus exemplares na rúa a fin de que contemplan e merquen libros en galego aqueles que se achegan ata a mencionada praza, chamados polos acordos do

Grupo de Improvisación do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro e máis da coral *Alborada*.

Os contos para nenos son dos que máis éxito teñen, entre eles *Os Bolechas*, pero sen esquecer outro tipo de xéneros e sobre todo novelas, de Suso de Toro e Manolo Rivas, por exemplo. Os autores vivarienses, como Lois Tobío ou Antón Vilar Ponte tamén destacan. A idea principal, como din os propios libreiros, "é achegar as obras á xente".

## Concello de Burela

Día, 19 de Maio

Noite de Baile 2007

A PARTIR DAS 10 DA NOITE  
NA PRAZA DA MARIÑA

A cargo da Orquestra:

# "LA BAMBOLA"

Organiza: Delegación de Turismo  
do Concello de Burela

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
Dirección Xeral de Formación e Colocación



A FUNDACION MUNICIPAL DO EMPREGO DO  
EXCMO. CONCELLO DE VIVIERO

Convoca a un xardineiro, un carpinteiro, un electricista e un fontaneiro para impartir os distintos módulos do curso:

### MANTEDOR REPARADOR DE EDIFICIOS

REQUISITOS:

- Titulación universitaria ou no seu defecto capacitación profesional equivalente relacionada co curso.
- Experiencia na ocupación.

Data de entrega de documentación: 21-25 de maio.



## Concello de Burela

ANUNCIO

CONTRATACION LABORAL TEMPORAL E A MEDIA XORNADA DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO ADSCRITO O CENTRO DE FORMACION OCUPACIONAL DO CONCELLO DE BURELA (LUGO).

**Bases reitoras:** A disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello.

**Prazo de presentación de solicitudes e méritos:** 5 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no diario "El Progreso". Si o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ó seguinte día hábil.

Burela, 16 de maio de 2007  
O Alcalde,  
Asdo.: José González Barcia